¿Que tes que non recibiras?

IRIMIA

REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS



25 de xullo

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus soños non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

X.M. Díaz Castro

ANO XXI • Nº 608
Do 23 de xullo ó
5 de agosto de 2001
Vintecinco pesos

EDITORIAL **25 DE XULLO: AS RENOVADAS RAZÓNS DO GALEGUISMO**

As razóns do antinacionalismo e do antigaleguismo aliméntanse moitas veces de valores aparentemente defendibles e "predicables" desde o cristianismo ou desde unha moral humanista. Son argumentos do tipo: abrirse ó mundo, unir, integrar, acoller... ou do tipo: mesturarse, facerse híbridos, "contaminarse etnicamente", *universalizarse*, en definitiva... Por veces ese discurso vólvese máis agre e recriminatorio e acusa ós que apostamos por vivila vida e a fe desde a reivindicación da identidade cultural, de sermos racistas camuflados, jomeinis frustrados, aldeáns dogmáticos...

Evidentemente, igual que houbo –e haiquen decíndose cristián defende a tortura e a pena de morte, ou quen proclamándose comunista bendiciu a corrupción e o enriquecemento das elites do Partido e os seus "gulags"..., hai nacionalistas, de tódalas nacións, tamén españois, estadounidenses e israelís, que non dubidan en empregar tanta enerxía ou máis en defende-lo seu dereito a ser, como a esmaga-los dereitos dos demais pobos. A contra-cara do cristianismo é a inquisición; a do liberalismo, o abismo da desigualdade; a do comunismo, o stalinismo; a do nacionalismo, o imperialismo. Pero desautorizar unha maneira de pensar polos abusos cometidos no seu nome, resulta a estas alturas da historia unha proba de inmadurez.

O nacionalismo galego de hoxe debe seguir aliñándose, irmandado e solidario, co das nacións, etnias, comunidades non recoñecidas ou abertamente perseguidas na historia, aínda que seguramente non debería poñe-los mesmos acentos nin reitera-los mesmos discursos de hai décadas. Pero iso non significa que, precisamente, cando hai unha pretensión imperial de unificar mercados e culturas, idiosincrasias e hábitos, cando se trata de crear un "único" cidadán-consumidor universal –gran mentira cando o que se crea é o maior nivel de desigualdade da historia-, un nacionalismo solidario é máis necesario ca nunca.

E unha vez máis hai que proclamar, sen dogmatismos, pero con sólidas razóns, que a aposta pola defensa da identidade dos pobos e culturas perdedores da historia é unha aposta de fondo alento cristián.

Daniel López Muñoz

O TRASNO **GLOBALICÉMONOS EN PAZ**

Sempre houbo unha violencia condenable e visible, a dos escravos, servos, indíxenas, proletarios e, agora, globalizados, e unha violencia boa e invisible, da que non se fala. ¡Claro que toda violencia é mala e está moi fea!, todiña toda, só que esta é mala de raíz e aquela é só de follame (*hojarasca* en castelán).

E ten a súa gracia o escándalo coa violencia dos antiglobalización –bastante inducida e manipulada por outra parte-, dos folguistas fartos de incumprimentos ou dos expulsados do planeta, chámense curdos ou palestinos.

¡Claro que a imaxinación e a non violencia teñen moito máis mérito moral! Que llo digan ós de Sintel. E máis lles vale ós defensores do sistema que non fracasen na súa loita, porque quedarían abocados á violencia que se negaron a usar.

O capitalismo sempre foi violento, coma a natureza, por iso se asocia co *darwinismo* social: a lei do máis forte. Algo moi animal, moi pouco humanizado.

Agora nesta fase, a da globalización, o seu enorme dinamismo lévao ó paraíso que hai décadas consideraba imposible: un mercado único e global, sen fronteiras nin limitacións gobernamentais. ¿Que se estamos en contra da globalización? Vaites, diso nada. Estamos a favor da globalización total: globalización do ensino e sanidade públicas, das garantías procesuais, dos dereitos humanos e sociais, dos convenios colectivos europeos e da xornada de 30 horas. Pero estamos en contra, en contra total, da globalización só para as mercadorías e as empresas.

Porque, hoxe por hoxe, globalización significa iso: que tes un choio nunha empresa potente ó pé da túa casa e que mañá o "deslocan" a Abisinia (ou a Marrocos, como a Telefónica) e como á Abisinia non che presta moito ir... pois case prefires quedar no paro e chamar á porta dunha ETT. E mentres, a túa antiga empresa resulta que non para de dar máis e máis beneficios, ilimitados, descomunais, agallopantes, astronómicos...e teñen as mans libres, e mandan máis cós estados, e pagan cada vez menos impostos e salarios, e o privado engorda e o público enfraquece. É o orgasmo neoliberal.

E os pobres, os de sempre, sofren. Ata que un día, ¡que teima!, dálles por tirar pedras.

A PALABRA

Lc 11, 1-13

Dunha vez despois de estar el orando en certo lugar, un dos discípulos pediulle:
-Mestre, apréndenos a rezar, como lles aprendeu Xoán ós seus discípulos.
Respondeulles:
-Cando recedes, dicide:
Pai, ¡sexa santificado o teu Nome!
Pai, ¡veña o teu reino!
Dános cada día o noso pan.
E perdoa os nosos pecados,
Como tamén perdoamos nós
a todo o que nos debe;
e non nos sometas á tentación.
Logo continuou...

O ECO

C.G.

Naqueles tempos non recibiron a Xesús en Samaría por ser xudío. Hoxe seguimos pechando as portas ós estranos polo mesmo. Non acollemos os que son de diferente raza, relixión, cultura, etc. ¿Entenderiamos que os inmigrantes tiveran os mesmos sentimentos de Santiago e Xoán, e nos quixeran aniquilar con fogo do ceo? É comprensible, pero por sorte, non poden nin podemos facer milagres destes. Só algúns gobernantes teñen esta bula. Iso si, no nome de Deus. Xesús o que fai é limpa-lo ó pó das sandalias e marchar na busca doutros corazóns que o acollan.

¿Que como son eses corazóns? Teñen que ter unhas características esenciais para seguir a Xesús:

- Estar liberados da comodidade e do benestar.
- Liberados de moitas pequena cousas boas. O urxente non deixa paso ó importante.
-Liberados do que dirá a sociedade e a familia. Xesús é a guía.

¿Humor?: Cando conduzámo-los arados actuais non miremos para atrás. Hoxe son máis perigosos ca daquela e a VIDA está en xogo.

A CLAVE

Xabier Blanco

Aprendendo a orar

A oración é imprescindible na vida da persoa crente. Para que todos aprendan a orar, Lucas trasmítenos a oración que Xesús ensinou ó seu grupo. Non se trata dunha fórmula que haxa que repetir de memoria. De feito o texto paralelo de Mateo amosa que os primeiros cristiáns expresábanse diversamente. As dúas recensións diferentes do Noso Pai teñen a súa explicación en tradicións litúrxicas diversas: a de Mateo, máis próxima ó medio xudeu-cristián; a de Lucas, máis cercana probablemente á oración orixinal. Ningunha destas dúas versións pretende, sen embargo, reproducir literalmente as palabras de Xesús, senón que son o recordo vivo e creativo destas palabras nunha comunidade cristiá determinada.

O Noso Pai resume as convicción e desexos que deben aparecer na oración cristiá: a invocación de Deus coma Pai e unha existencia invadida polo desexo dun mundo diferente. O ton da oración revélanos que Deus Pai é experimentado polos cristiáns e cristiás non coma un poder que coarta a vida, senón coma o autor da nosa liberdade, onde podemos poñer tódala nosa confianza, onde "facemos pé": Abba, papá.

A oración debe ser, ademais, incansable, na espera de recibir de Deus o seu grande don: o Espírito. O que se recibe na oración non é o que automaticamente se pide senón o don do Espírito, que nos permitirá afronta-las situacións da vida con forza. Lucas trata de eliminar deste xeito unha posible comprensión máxica da oración.



A PENEIRA

As comunidades de Montes están a prepararse en asembleas informativas para unha **SEGUNDA MANIFESTACIÓN CONTRA O IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES** e para reclamar unha fiscalidade máis axeitada cara estes bens sociais. Esta protesta terá lugar a comezos de outono, pero este colectivo quere mentalizar ós comuneiros da desfeita das leis que se están a impor sen ter en conta a orixinalidade destas propiedades colectivas das nosas parroquias. Unha eiva máis para arrefria-lo agarimo dos veciños polos montes e o seu destino. Son moitas as comunidades que están a traballar con enerxía na ordenación e potenciación destes recursos que son un aproveitamento para mellora-la calidade de vida no rural.

Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común

6 de agosto, 8:15, hai agora 56 anos foi destruída **HIROSHIMA** por unha bomba atómica. Son xa máis de 217.137 persoas que morreron a consecuencia daquela barbarie, só 100.000 naquel instante, e cada ano seguen morrendo miles como consecuencia de enfermidades derivadas daquela radiación. Só a estructura metálica desta cúpula quedou de pé, coñecida agora como a Cúpula da Bomba. Tres días despois outro avión de USA guindaría unha segunda bomba atómica en Nagasaki. Bush, ó que non lle importa rematar coa vida dos demais, quere soterra-lo tratado de non proliferación de armas nucleares que xa ratificaron países con potencial enerxético nuclear, pero aínda non 13 deles como USA, China Corea do Norte, Israel, India e Paquistán, que seguen alimentando o armamento nuclear.

As **FEIRAS DO POLBO** como a do Carballiño, 38 edicións, no 2º domingo de agosto, son un elemento fundamental na nosa paisaxe festeira; só nunha das súas parroquias, Arcos, hai uns 120 polbeiros que andan a cotío polas nosas feiras e festas. Este cefalópodo, o único que non ten cuncha, chegou ó Arenteiro como pago dos foros da costa ó Mosteiro de Oseira e foi converténdose nun prato típico das feiras da comarca. Nos últimos anos había 1795 barcos e 3590 mariñeiros dedicados a súa pesca con nasas, agora está a regularse a súa captura, só en 6 anos (94-99) colléronse mil millóns de quilos de polbo que supuxeron máis de 11 mil millóns de pesetas.



Os **BÉRBERES** supoñen unha positiva creba na cultura islámica do Magreb e sobre todo en Alxeria onde rexeitan a imposición dun expansionismo arabizante e dun pensamento único que non recoñece o seu idioma, o tamazight, nin moitas das súas arelas: igualdade de sexos, unha sociedade pluralista e laica, unha cultura anterior á invasión romana destas terras. Por iso, están a rebentar non só na Kabylia (100 Km. ó sur de Alxer) onde viven máis de 6 millóns de bérberes, tamén noutras cidades próximas onde residen outros 2 millóns. Sempre resistiron ás políticas invasoras e mesmo o seu concepto relixioso do Islam é moito menos dogmático e moitas veces disidente naqueles puntos que vulneran os dereitos humanos. Na foto unha manifestación na capital da Kabylia, Tizi Uzu.

"VACACIÓNS EN PAZ" son as que están a vivir 8887 nenas e nenos refuxiados saharauís nos distintos pobos desta península. Veñen de arribar ós nosos aeroportos, na foto. Non só os que aprobaron, tamén os fillos dos mártires da guerra con Marrocos, algúns enfermos, proceden dos campos de refuxiados en Alxeria e 15 deles xa están vivindo con familias da área de Compostela os meses de xullo e agosto e ata 420 noutras comarcas galegas. Só veñen co posto, pero cun corazóns cargado de devezos. Veñen de Tinduf, do exilio, onde os saharauís formaron un estado con 160.000 habitantes divididos en provincias e concellos.

A **TVG** cumpre a maioría de idade, 16 anos, este 24, véspera do Apóstolo, e un lembra aquel pulo gracias ó esforzo dun político cargado de imaxinación como Xosé Luís Barreiro Rivas. Pero aquelas expectativas foron desinflándose e a producción galega tanto na tele como na radio están á baixa se comparamos con só hai 10 anos. Somos conscientes da importancia dos medios na estructuración do país, por iso temos que denuncia-la súa desidia en todo o referente á nosa cultura e historia, o que é máis grave se temos en conta as moitas horas que pasamos diante deste aparato, o dobre que fronte ós xornais e á radio.

O XXII FESTIVAL DE PARDIÑAS, os días 4 e 5, segue en pé gracias ó enxeño e voluntarismo dun pequeno grupo de xente moza da Asociación Xermolos, sen subvencións e cos obstáculos da xente reaccionaria que está en contra das iniciativas que nacen e viven na base. Desde o blues de Miki Nervio ata o folk de Catalunya de Soglars&Senglarse ou de Madrid de La Bruja Gata, pasando polo de Italia (Hotel Riff) ou dos galegos Jarbanzo Negro, Inllar ou as Cataruxas. Os pregoeiros deste ano serán dous: Xurxo Souto, na foto, e a súa compañeira Sofía de Labañou, ámbolos dous grandes comunicadores sobre todo nese tramo que é a mocidade.

Contra a **DISCRIMINACIÓN DOS E DAS DIABÉTICAS NA TRAMITACIÓN DO PERMISO DE CONDUCIR** é unha campaña que está a levar adiante a Federación Galega de Asociacións de Diabéticos porque, segundo tráfico, estas persoas teñen que renovalo cada 6 ou 12 meses con todo o lerio e custo de papeis, viaxes e absentismo laboral. Piden a igualdade cos outros cidadáns xa que hoxe esta enfermidade controlada permite un equilibrio metabólico sen dar lugar a outros perigos. En tal caso, urxe unha personalización desta medida para considera-lo grado e tipo de diabetes sen fundilos na impresión de que son sempre un risco para os demais.

FE.GA.DI.
FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE DIABÉTICOS
Apartado de Correos, 769
15700 SANTIAGO DE COMPOSTELA

POLÍTICA

Tintxu

O SIMBOLISMO DO FÚTBOL

Desde que Galicia se foi incorporando máis ou menos á Europa da posguerra foi medrando entre nós un fenómeno antes practicamente descoñecido: a paixón polo fútbol como deporte primeiro e logo como espectáculo de masas.

Foto: Lombardero

Os anos cincuenta e sesenta viron nacer en moi numerosas vilas, pobos e aldeas equipos de fútbol que pretendían achegar a todos ese fenómeno que empezaban a ver nas pantallas de televisión. Moitos mozos tiveron así os seus primeiros contactos co mundo do deporte e moita máis xente aínda foi asimilando unha serie de pautas que lle viñan de fóra, pero que tomou por súas de contado.

Neses anos cincuenta e sesenta os afeccionados fóronse identificando cada vez máis cos equipos punteiros de Galicia (a coñecida rivalidade Deportivo-Celta) ou cos que mandaban na liga e copa da primeira división, máis con estes e cos primeiros. Todo isto por riba e ó carón da participación ou non, como xogador ou seguidor, na actividade do equipo local da aldea, pobo ou vila.

Era unha identificación afectiva en boa parte fundada nun coñecemento ou relación máis ou menos próxima cos protagonistas desta actividade: eran xente próxima, á que un podía ver pola rúa noutras actividades.

A partir dos anos 80 e 90 o fenómeno cambiou de perspectiva ou de escala. O fútbol converteuse case exclusivamente nun espectáculo, sobre todo televisivo, os seus protagonistas fixéronse máis afastados, pero tamén máis importantes, convertéronse en ídolos (algúns poderiamos dicir en becerros de ouro), merecentes de total adoración.

Pero ó mesmo tempo eses simpáticos, pero relativamente modestos equipos da nosa primeira división, Celta e Deportivo, souberon integrarse perfectamente na nova era do espectáculo e negocio; mesmo o Compostela tivo o seu momento de gloria. E a xente empezou a identificarse cada vez máis con estes clubs, aínda que fose imposible atopar entre os seus compoñentes máis dun par de conveciños de máis ou menos lonxe. O que prima agora é o simple feito de que esas figuras do deporte levan por estandarte uns uniformes e por nome o dunha entidade organizada e dirixida por outros profesionais do asunto, pero neste caso galegos.

Por iso non falta quen interprete que as campañas exitosas do Deportivo e do Celta polos diferentes campos de Europa son para o conxunto dos galegos un símbolo de recoñecemento, unha especie de novo sinal de identidade: tamén nós estamos en Europa e podemos alternar con calquera, deixamos de sermos exclusivamente obreiros da construcción ou da hostalería, conserxes ou persoal de limpeza das prósperas cidades continentais.

Procede, xa que logo, facer este recoñecemento do novo papel simbólico que estes equipos representan para milleiros de galegos. Ademais de dar ocasión e motivo a unha parte deles a moverse polo mundo: co pretexto de seguir a un equipo de fútbol sempre poden descubrir outras cousas. E abofé que estes contactos veñen sendo positivos e contribúen a mellora-la nosa imaxe no exterior: felizmente entre nós non abondan os "hooligans".

Fernando Veiga Fernández

¡¡¡VOLVER Á TERRA!!! GLOBALIZANDO A LOITA, GLOBALIZANDO A ESPERANZA.

CONCLUSIÓNS DO III FORO POR UN MEDIO RURAL VIVO.

A mediados do pasado mes de xuño tiven a oportunidade de participar no III FORO POR UN MEDIO RURAL VIVO, organizado pola Plataforma Rural, nun pobo do nordeste de Segovia. Da Plataforma Rural xa tivemos noticias na nosa revista en ocasións anteriores, cando se celebrou o II Foro, e tamén na campaña "PAC PA' QUE?, PA' QUEN?. Preséntase como unha organización moi heteroxénea, rede de alianzas por un medio rural vivo, na que participan sindicatos agrarios, ONG, organizacións ecoloxistas, movementos cristiáns, Cáritas, etc.

O conxunto de participantes, decidimos traballar xuntos durante os dous próximos anos, ó redor dos seguintes eixos de traballo:

-A terra como recurso social que estará xestionada polas familias campesiñas que a traballan.

-As sementes, como patrimonio colectivo mantido e mellorado polos/polas campesiños/as de todo o mundo.

-A poboación, desde a perspectiva de promover e asegurar maiores equilibrios demográficos e territoriais, que permitan eleva-lo nivel de vida dos sectores máis desfavorecidos do mundo rural despoboado e das áreas urbanas masificadas.

-Os alimentos e os mercados locais, como ben e servicio ó que tódolos/as consumidores/as terán dereito lexítimo de acceder, e cos que non se debe de especular.

-Outra PAC, ó servicio das agriculturas campesiñas, das poboacións que sosteñen o medio rural, dos consumidores e consumidoras, dunha xestión integral dos recursos naturais. Unha PAC dos cidadáns e cidadáns do Planeta e non do mercado.

-Plataforma rural como rede de alianzas.

Para desenvolver estes eixos de traballo comprometémonos a levar a cabo as seguintes actuacións:

-A terra:

-Abrir liñas de investigación sobre os procesos de concentración que se veñen dando nas últimas décadas.

-Fomenta-la creación de bancos de terras, baixo diferentes formas e expresións, para facilitarlle o acceso á terra ós xornaleiros/as agrícolas; ós pequenos/as campesiños/as, ós mozos que desexan vivir e traballar no medio rural. A terra para quen a traballa non será un slogan que pasou á historia, urxe recupera-lo seu sentido na sociedade actual.

-As sementes:

-Reactiva-la campaña en contra dos transxénicos e das patentes sobre a vida.

-Fortalece-la rede de sementes autóctonas rede-sementeira.

-A poboación rural:

-Creación da universidade rural como escola de formación de militantes sociais.

-Reactiva-la comisión para fortalece-la campaña a favor dunha escola de calidade en cada vila.

-Reactiva-la mesa de seguemento de temporeiros agrícolas e inmigrantes.

-Participación activa nos futuros programas Europeos (equal, leader, plus, etc.).

-Os alimentos e os mercados locais:

-Convocar e mobiliza-la poboación o 16 de outubro con motivo do día da soberanía alimentaria.

-Participar no próximo cumio da FAO sobre agricultura e alimentación.

-Promover unha campaña informativa a favor da comida sa, local e campesiña.

-Promover campaña informativa a favor da comida sa-ecolóxica en tódolos comedores escolares.

-Outra PAC.

-Mobilizacións ante o próximo Consello de Ministros de Agricultura no Estado Español.

-Segunda fase da campaña PAC PA' QUE? Convocatoria de 50 xornadas informativas.

Tódolos/as participantes do III FORO POR UN MUNDO RURAL VIVO comprometémonos, desde os nosos colectivos e asociacións, a traballar activamente durante os dous próximos anos nos eixos de traballo anteriormente expresados, facendo á súa vez un chamamento á sociedade civil e a tódolos movementos sociais que a representan, para que se sumen, onda nós, na loita pola consecución ¡¡¡dun MUNDO RURAL VIVO, UN MUNDO E UNHA TERRA PARA TODOS !!!

DESDE GUATEMALA

ESCRIBENOS TEREIXA LEDO (TEREIXA DE ROMARIZ)

Con algo de retraso, por razóns de espacio, publicamos esta carta de Tereixa Ledo desde Guatemala. Tereixa, compañeira e colaboradora de Irimia, marchou para aquelas terras a principios deste ano, coa idea de vivir, traballar e esperar no medio das comunidades indíxenas da Alta Verapaz. Agora anda nesas angueiras, compartindo o camiño con compañeiros e compañeiras doutro amigo de Irimia, Manolo Sordo, que xa andou por aló estes anos atrás. Na carta relátano-las súas impresións tras uns meses de estadía no país centroamericano

Tereixa fronte ó mar de galicia antes de cambiar de aires.

Moi queridiña familia irimega: Graciñas logo, e antes de nada, polas vosas cartiñas, polos vosos correos; curtos ou longos, veñen cheos de agarimo e de novas. Non sabedes cánto me alegran... como que unha aínda lonxe "do seu" e dos seus", segue sentíndose envolta e arroupada (cáseque coidada) no tan necesario berce afectivo que lle permite acollelo aparentemente "outro" e "alleo" como propio e ilo amando e xa coma facendo tamén algo seu, porque o é realmente desde Deus. Isto, evidentemente, para nada evita a distancia cultural e social na que deseguida se nota unha inmersa. Aquel é un nivel máis fondo e central, pero non evita o necesario camiño, cheo de titubeos e interrogantes e ata medos, cara o encontro (e en ocasións "encontronazo" ou ás veces tamén desencontro) co "estraño".

A distancia cultural e social é atoparme "de súpeto" e sen querer-querendo, do lado empobrecido do mundo e da historia, do lado expropiado e periférico. ¡Iso si, coas súas numerosas e magníficas riquezas! Non dubidedes de que nas marxes, nos límites, é onde sempre me fun atopando mellor (xa é terreo coñecido, vivindo en Galicia en galego). Supoño que porque tamén a miña propia "marxinalidade" (a que todas levamos en nós e tamén nalgún que outro aspecto da propia vida) sempre estivo moi a flor de pel e visible para min.

A xente afíxose a non facer planes

Aquí unha decátase con máis claridade -¡non queda outro remedio, que está á vista a cotío!- de que estas sociedades do sur son efectivamente producto de centos de anos de usurpación de recursos por parte do norte. E tamén comprende unha mellor de onde saíu e sae tanta riqueza nosa, material, social, intelectual: tantos dos nosos monumentos e cascos antiguos; tanto da nosa produción cultural, rica, fina, exquisita; tanto do noso crecemento económico destes últimos séculos, e do noso ritmo de vida actual do "uso e tiro" e sigo usando e usando, supostamente sen prexudicar a ninguén e indefinidamente.

VIVIR Ó DÍA

Así é que a unha terra, de principio de tan incalculables e variados recursos coma esta, só lle queda escaseza e miseria para mal alimenta-los seus fillos e fillas. Din estudios recentes do país, que ó redor de 6 millóns de guatemaltecos gañan uns 13 quetzales diarios (unhas 8.00 ptas) e que máis de 3 millóns ¿viven? con 7 Q diarios... ou sexa unhas 140 ptas. diarias, cantidade evidentemente insuficiente para satisface-las necesidades mínimas de familias de 4-5-6 ou máis fillos (a taxa de fecundidade é de

5 fillos por muller). Isto nun país no que os prezos veñen sendo, ó cambio, moi semellantes ós de España, e agravado pola carencia dunha educación ou sanidade públicas, sobre todo nas zonas rurais (¡eternas esquecidas!) e entre a xente indíxena. Os índices de desnutrición crónica infantil ou de analfabetismo, por exemplo, están sendo os máis altos do continente. ¿Para que seguir? Dificilmente se chega a captar a amplitude e dimensións destas situacións, aínda estando aquí, pero do que si se decata unha é de que a xente se afixo a vivir ó día. A vida case se reduce ó presente. No futuro non se pensa ou se acaso non se fala moito del, coma que non existise. A xente afixose a non facer plans; sabe que non pode programar.

O mundo indíxena sabe de agradecemento a Deus, corazón do ceo e corazón da terra

¡Bastante hai con saír cada día do paso! Vive sobrevivindo, sen máis. A inestabilidade vital é así grande a tódolos niveis e a xente afaise a "non agarrarse" a nada, porque nada é o suficientemente seguro como para asentar base nel sen quedar enganada ou malparado. Non se agarran ó home ou á muller porque pode marchar de súpeto con outro, nin ós fillos porque enferman e se cadra morren. A xente non se apega tampouco demasiado á súa "casa", porque pode acabar con todo un imprevisible terremoto (e esa xa é a experiencia de moitos) ; nin tampouco se pode apegar ó lugar físico porque igual hai que emigrar á capital e xa foron centos de quilómetros os percorridos, fuxindo dos perigos da guerra ou buscando terra ou ... Todo adquire así un sentido de eterna provisionalidade que leva a non agarrarse demasiado nin tan sequera á propia vida. Din algúns que a vida e a morte valen menos. Do pasado, ás veces tan cheo de dolor, é mellor non acordarse aquí.

Neste universo de múltiples perigos e desconfianzas, moitos e moitas vanse agarrando tan só a Deus, o único "seguro" que pode salvar facendo milagres ou intervindo directamente nos acontecementos da propia vida.

INDÍXENAS: MARXINALIDADE E RESISTENCIA

O mundo indíxena tende a meirande estabilidade a tódolos niveis: A súa cultura milenaria confire identidade colectiva e persoal desde unha espiritualidade que o enche todo. Sabe de beleza e harmonía coa natureza, sabe de diálogo e de entendementos consensuados cos membros da propia comunidade e sabe de agradecemento a Deus, Corazón do Ceo e Corazón da Terra, que todo o habita. O mundo indíxena sabe de silencio ... ¿ou aprendeu a calar tamén para ir sobrevivindo ó longo dos séculos?

A cosmovisión maia, consciente e planificadamente atacada nos 36 anos de enfrentamente armado, anda curando secuelas ulceradas (aínda se vive con medos) e recuperando estructuras e modelos de sentido e tradición secular que se romperon violentamente (fálase de xenocidio da poboación maia, o 83% das víctimas do enfrentamento). A nova cultura urbana, chea de formas e contidos globalizadores (e xa moi presente nos últimos recunchos da montaña a través da radio e, cando hai luz eléctrica tamén da televisión) non axuda a solecer nin recuperar desde si mesma ó mundo maia e aínda tende

a inferiorizalo buscando a súa anulación.

Ben é certo que están xurdindo grupos e organizacións indíxenas, tanto a nivel social coma relixioso. Son minorías, pero van re-descubrindo socialmente o aporte histórico e o valor actual da "maneira maia" de ser e estar e vivir no mundo. Desde a onda de humanización que está axudando á historia, que nos está axudando a todos nós, a medrar en humanidade : " B´antyox reheb´ "(¡Graciñas a elas!).

POLÍTICOS BAIXO SOSPEITA

Politicamente esta é unha sociedade afeita, antes e despois da Independencia, a gobernos ladinos (mestizos) abusivos para as maiorías indíxenas. Así, desde a colonización os diversos gobernos apoiaron unha estructura socio-económica favorable á concentración da terra, que tendeu sempre a aumentar. Así, un 2% dos propietarios latifundistas do país teñen aínda actualmente o 66% da terra e o 90% dos pequenos propie-

tarios teñen tan só o 16% dela. Despois da sinatura dos Acordos de Paz, no 1996, a corrupción persoal e institucional (¡e institucionalizada!) segue á orde do día. Manténse a impunidade ante as masacres do enfrentamento armado e ante os crimes posteriores, como o da avogada Myrna Mack ou o do bispo Gerardi (promotor do REMHI, informe que investigou as responsabilidades do sucedido na guerra).

De feito, é Presidente do Congreso o general Ríos Montt, responsable político no tempo do enfrentamento. Parece que non houbese nivel institucional no país minimamente consolidado como para construír desde el con certa solidez, coma se a terra escorregase debaixo dos pés... Nin as forzas de orde público, nin a xustiza

Foto: Thor Janson

(con presións e ameazas constantes), nin os medios de comunicación (uns nas mans do goberno e os outros baixo ameazas tamén). Nin moito menos aínda o poder lexislativo ou o executivo, en mans dos poderes fácticos do país (militares e elites económicas).

Ata agora houbo presencia oficial da ONU a través de MINUGUA, para ir examinando e facendo público, e tamén reforzando o cumprimento dos Acordos de paz. A un tempo entraron moitos fondos económicos a través de diversos organismos oficiais internacionais e condicionados tamén ó cumprimento de ditos Acordos, actuando así en parte como presión.

A día de hoxe MINUGUA, que prorrogara a súa estancia no país desde finais do 2.000 (precisamente por non ver cumpridos os ditos Acordos e como para dar unha nova oportunidade) xa está a punto de retirarse definitivamente. E parece que así o país vai quedar aínda máis á deriva, sen ningunha instancia de apelación. De aí a incalculable importancia nesta situación (estouna descubrindo agora con forza) da presencia de organizacións internacionais : de presencia física, supervisando e vixiando; e presencia "de lonxe", presionando e coma apoio a persoas, grupos, asociacións e institucións comprometidas na xustiza e na liberdade social. Isto, tamén en parte, querería ser unha chamada para que desde o corazón e as ocupacións de cadaquén non esquecerámo-la nosa posible contribución, ben persoal, ben organizada ...

O COMPROMISO LIBERADOR DA IGREXA CATÓLICA

A Igrexa Católica (especifico porque aquí son múltiples as confesións protestantes e tamén as sectas), está sendo unha destas institucións comprometidas, tendo unha postura valente e decidia a favor dos indíxenas historicamente máis marxinalizados.

De feito, a Conferencia Episcopal Guatemalteca foi sacando nestes últimos anos documentos claros e clarificadores ó redor de temas polémicos e cuestionadores da estructura socioeconómica do país; por exemplo sobre a terra, ou o último facendo análise xeral da situación do país. Tamén tivo, e segue tendo, (a Igrexa en xeral e a súa xerarquía en particular) un estilo netamente respetuoso e propotor das culturas e línguas indíxenàs. Así, malia a dificultade que entrañan estes idiomas maias, é raro un "Padre" ou unha "Hermana" desta diocese de Altaverapaz que non entendan e falen, mellor ou peor, o q´eqchi´. ¡E iso que son maioritariamente de fóra! De fóra do país ou de fóra da rexión. O mesmo Bispo exprésase con soltura en q´eqchi´ e fala algo de achí e de pocomchí (as 3 linguas da diocese), aínda sendo el da zona do quiché.

Para alguén que vén de Galicia e cunha lingua de tan sinxela aprendizaxe e uso, non deixa de admirar tanto esforzo (horas e horas de estudio) por respecto e cariño do pequeno.

Ben, como podedes supoñer, estaría contándovos horas e horas, porque son tantas as cousas... Xa vou sabendo algo das pobres "vacas tolas" e de cánto está afectando ós que coidades delas de verdade, e tamén da manifestación en Santiago. Fóronme chegando noticias dalgún atentado de ETA e das eleccións en Euscadi ...Vou sabendo duns e doutras polo que me ides escribindo. O Encontro de Mulleres Cristiás en Santiago, a celebración do S. Cidre en Trasanquelos, o vindeiro Encontro de Convivencia e Oración animado por Xulio Lois. Enfín, tanta vida aló e acó...

Unha apertiña sempre.

¿QUE ARROTAN OS RUMOROSOS?

(Calendario de paparotas e enchentas. A redacción non se fai responsable dos erros e inexactitudes contidos nesta arrotada)

4 febreiro	Chourizo	Vila de Cruces (Po)
Domingo anterior a carnaval	Cocido galego	Lalín (Po)
Domingo de entroido	Androlla ou botelo	Viana do Bolo (Ou)
Domingo de entroido	Grelo	As Pontes (Co)
Último domingo febreiro	Queixo galego (tetilla)	Antas do Ulla (Lu)
Primeiro domingo marzo	Queixo galego (tetilla)	Arzúa (Co)
Domingo piñata	Filloa	Lestedo (Co)
Terceiro domingo marzo	Tetilla	Friol (Lu)
Marzo (variable)	Orella de porco	Sales-Vedra (Co)
Último domingo de marzo	Caldo galego	Mourente (Po)
Véspera de San Lázaro	Ovos con chourizo	Pontecesures (Po)
Marzo-maio (variable)	Augardente da Ulla	Ribadulla (Co)
Marzo-abril (variable)	Viño Ribeira Sacra	Chantada-Quiroga (Lu)
Abril (variable)	Viño da Ulla	Sarandón-Vedra (Co)
Primeira quincena de abril	Ostras	Arcade-Soutomaior (Po)
Abril (variable)	Lamprea	Arbo (Po)
Sábado Santo	Empanada de lamprea	Padrón (Co)
Domingo de Pascua	Augardente	Portomarín (Lu)
Domingo seguinte a Pascua	Angula	Tui (Po)
Último domingo abril	Champiñón	Ordes (Co)
Abril-maio (variable)	Viño Ribeiro	Ribadavia (Ou)
1 de maio	Filloa	Muimenta-Cospeito (Lu)
1 de maio	Troita	Pontenova (Lu)
Segundo domingo de maio	Choco	Redondela (Po)
Terceiro domingo de maio	Salmón	A Estrada (Po)
Terceiro domingo de maio	Melindres	Melide (Co)
Último domingo de maio	Troita e cabrito	Pontecaldelas (Po)
Primeiro fin de semana de xullo	Viño tinto do Salnés	Ribadumia-Barrantes (Po)
Segundo fin de semana de xullo	Cereixa	Beade-Vigo (Po)
Último domingo de xullo	Lagosta	A Guarda (Po)
Primeiro domingo de xullo	Rosquilla	Gondomar (Po)
Primeiro domingo de xullo	Pan de Cea	Cea (Ou)
Dom. máis próximo ó 11 de xullo	Callos	Mosteiro-Meis (Po)
Domingo anterior ó 16 de xullo	Ameixa	Carril-Vilagarcía (Po)
25 de xullo	Xouba	Rianxo (Co)
25 de xullo	Churrasco	Covelo (Ou)
Último sábado de xullo	Polbo	Ribadeo (Lu)
Último domingo de xullo	Cordeiro "ó espeto"	Moraña (Po)
Xullo (variable)	Percebe de Roncudo	Corme-Ponteceso (Co)
Primeiro venres de agosto	Tortilla	Laro-Silleda (Po)
Primeiro sábado de agosto	Pemento de Herbón	Padrón (Co)
Primeiro domingo de agosto	Viño Albariño	Cambados (Po)
Primeiro domingo de agosto	Mexillón	Illa de Arousa (Po)
Primeiro domingo de agosto	Navalla	Fisterra (Co)
Primeira fin de semana de agosto	Bonito	Burela (Lu)
Primeira fin de semana de agosto	Queixo do Cebreiro	As Nogais (Lu)
Primeira fin de semana de agosto	Pemento	Arnoia (Ou)
Segundo domingo de agosto	Polbo	Carballiño (Ou)
Sábado anterior ó 15 de agosto	Cocido galego	Cea (Ou)
15 de agosto	Xamón	A Cañiza (Po)

Terceiro domingo de agosto	Empanada	Allariz (Ou)
Terceiro sábado de agosto	Solla do Miño	O Rosal (Po)
Terceiro domingo de agosto	Augardente do Condado	Sela-Arbo (Po)
18 de agosto	Sardiña	Sada (Co)
Último domingo de agosto	Leitón á brasa	Amil-Moraña (Po)
Último domingo de agosto	Pan de Millo	Cabral-Vigo (Po)
Último domingo de agosto	Requeixo	A Capela (Co)
Último domingo de agosto	Empanada	Noia (Co)
Agosto (variable)	Mexillón	Oleiros (Co)
Agosto (variable)	Ameixa	Corcubión (Co)
Primeiro domingo de setembro	Pataca	Coristanco (Co)
Último domingo de setembro	Anguía	Valga (Po)
Setembro/outubro (variable)	Berberecho	Cabana e Ponteceso (Co)
Primeiro domingo de outubro	Ameixa	Campelo-Poio (Po)
Segundo domingo de outubro	Pataca	Vila de Barrio (Ou)
Segundo domingo de outubro	Marisco	O Grove (Po)
Domingo anterior ó 9 de outubro	Faba	Lourenzá (Lu)
Último domingo outubro	Vieira	Bueu (Po)
Outubro (variable)	Faba	Ponteceso (Co)
1 novembro	Setas e champiñóns	As Pontes (Co)
11 novembro	Castañas asadas	Ourense (Ou)
19 decembro	Capón	Vilalba (Lu)
22 decembro	Capón	Arzúa (Co)

BIENIO IRMANDIÑO

Charo Rilo

ACTIVIDADES DO BIENIO IRMANDIÑO (CURSO 2000-2001)



Un bienio son dous anos, pero unha angueira dura unha vida... e máis. Queremos seguir facendo sentir unha voz: a dos caladiños. A maioría silenciosa dos cristiáns e cristiás galegas cadran conformes con que a Igrexa se reconcilie e abrace a lingua galega, pero poucos, fan dese paso pendente unha causa como para mobilizarse. Como en tantas outras cousas estimámo-lo noso, pero non o suficiente como non deixalo perderse paseniñamente.

Por iso, porque a causa paga a pena, o Bienio Irmandiño, convertido agora en vixiante asociación de defensa do galego na vida da Igrexa, continúa coas súas actividades. Este que aquí vos ofrecemos é o resume do feito neste curso que xa rematou.

23-6-2000 -**Publicación dos resultados da enquisa "Receptividade do Galego na Liturxia" en *La Voz de Galicia*.**

24-6-2000 - **2ª Festa "Loita pola palabra"**

.Presentación do Estudio dos resultados da enquisa "Receptividade do Galego na Liturxia" feito por Daniel López Muñoz e Bernardo García Cendán e co soporte técnico do Obradoiro de Socioloxía S.A.

. Presentación da Angueira publicada por IRIMIA "A palabra fai camiño", co Estudio dos resultados da enquisa.

. Presentación do Manifesto do Bienio Irmandiño e recollida de firmas.

Xullo 2000 - Envío a toda a xente que colaborou no B.I. dun resumo das actividades realizadas; e do estado de contas.

9-9-2000 **- Romaxe de Crentes Galegos: "Os tempos son chegados" (Festa final do B.I.)**

24-9-2000 **- Aínda que o bienio rematou, decidiuse continuar como "Asociación promotora da relación fe e galeguidade B.I."**

30-10-2000 - Cartas-queixa pola publicación do folleto-resumo da colecta do DOMUND da Diocese de Santiago, sen respectar a toponimia oficial.

. Ó Delegado oficial das OMP.

. A Victor Maroño (Provicario da Diócese de Santiago)

. Ó Director de Política Lingüística.

. Ó Valedor do Pobo.

-Comunicado de Prensa coa mesma queixa (Publicado en castelán en La Voz de Galicia e en La Opinión o (27-10-2000)

4-3-2001 **- Publicación en La Voz de Galicia do comunicado sobre o Manifesto do B.I. e as sinaturas recollidas.**

-Envío, ó Arcebispo, dun paquete certificado con todas as firmas a favor do Manifesto.

- Envío, ó Arcebispo, do libro "A palabra fai camiño" e dunha carta dicíndolle que somos asociación e que o teremos informado.

- Envío do mesmo libro a todo os bispos.

- Enviadas cartas-felicitación ó Seminario Maior; e ó Seminario Menor de Belvís por esquela Benfeitores do Seminario en Lingua Galega.

- Enviada carta-felicitación ó párroco dos Salesianos da Coruña por misa dominical de 11.30 en Lingua Galega.

- Enviada carta-felicitación ó Arcebispo J. Barrio por misa dominical en Lingua Galega na Colexiata da Coruña.

Xuño 2001 - Carta-queixa ó Arcebispo J. Barrio pola aparición da páx. Web do Arcebispado de Santiago en castelán.

- Carta-queixa a Arturo Lezcano (Amigo do Lector de La Voz de Galicia) pola traducción ó castelán de informacións e declaracións feitas na súa orixe en Lingua Galega.

- Carta-felicitación ao Bispo de Lugo Frei Xosé Gómez pola obrigatoriedade de celebrar unha Eucaristía en Lingua Galega en cada parroquía da Diocese de Lugo.

¡SEGUIREMOS INFORMANDO!

SUXESTIÓNS

Charo Rilo
O Rabuñeiro, 25
15173 Oleiros
A Coruña

Esther Olveira

A ROMAXE DO ARNOIA EN ALLARIZ

As ribeiras do Arnoia prepáranse para abeirar a Romaxe. Unha vez máis un río aloumiña a gran xuntanza dos Crentes Galegos, que esta volta busca o agarimo de terras lendarias e cheas de historia na provincia de Ourense. Allariz será o sábado 8 de setembro o punto de encontro da fe e da galeguidade, anovado dende hai 24 anos polos miles de irimegos que acoden puntualmente á cita dende tódolos recunchos da nosa terra.

O lugar da celebración, un área recreativa á beira do río coñecida polo nome de Acearrica, está no mesmo pobo por iso este ano non adxuntamos o plano. Varios grupos de persoas de parroquias de Allariz, Vilar de Santos, Piñeira de Arcos e Maceda están a traballar estes días para que os irimegos disfrutemos o segundo sábado de setembro dun auténtico día de encontro e festa, seguindo o espírito daquela primeira Romaxe celebrada no Pedregal de Irimia.

O horario será o mesmo do dos últimos anos. A acollida ós romeiros e romeiras farase a partir das 11 da mañá. A celebración da misa irimega comezará ás 12. Sobre as dúas da tarde será o momento de xantar. Na sobremesa , a partir das catro, teremos a actuación do grupo A Quenlla, que tamén animará a música da Eucaristía. Os que queiran rematar a xornada coa oración da tardiña terán ocasión de coñecer a igrexa de Xunqueira de Ambía, unha xoia do románico que está a sete kilómetros do lugar da celebración da Romaxe.

Cómpre salientar que a vila de Allariz ten moitos lugares que paga a pena visitar. Este concello é todo un modelo de boa xestión na conservación e recuperación do patrimonio artístico, cultural, etnográfico e natural e ofrece moitas posibilidades para pasar unha agradable tarde de final de verán.

E para rematar comentar que xa está iniciando a súa andaina a que será a Romaxe 25. Hase celebrar na desembocadura do Miño, no concello da Guarda. O río estivo presente no nacemento da festa e queremos que dentro dun ano sexa a principal testemuña das súas vodas de prata.

Vémonos en Allariz o sábado 8 de setembro. Saúde e terra.

E O ARNOIA PASOU CANTANDO
ALLARIZ - ACEARRICA. 8 DE SETEMBRO DE 2001

11:00 Acollida dos romeiros e romeiras.
12:00. Celebración eucarística. Misa irimega.
14:00. Xantar.
16:00. Festa.
18:30. Oración da tardiña en Xunquiera de Ambía.
19:00. Remate

CARTAS

Recordo agarimoso a Xosé Manuel Frade Lombardero, falecido en accidente de tráfico o 20-6-2001.

Pola túa sinxeleza,
pola túa inmensa bondade,
pola túa mirada transparente,
polo teu sorriso cercano,
polas túas fermosas reflexións,
por ser portador de paz e serenidade,
pola túa escoita profunda,
polo teu saber valorar a cada persoa,
pola túa dispoñibilidade,
por transmitir unha fonda fe,
por reflectirnos un deus tan amoroso,
polo teu sentido do humor,
por ir sementando inquedanzas,
por querer fondamente a vida,
por gozar co pequeno de cada día,
por ser un crego auténtico,
por ese corazón cheo de amor,
por ser transmisor de esperanza,
porque na dor da túa despedida inesperada,
a "unha xuntanza de amor" nos convocaches,
pola sorte de terte coñecido,
porque, na dor que tantas persoas sentimos,
podo dicirche: "Xosé Manuel, gracias".

Concepción Vázquez V.

O CARRABOUXO por XOSÉ LOIS

EDITA: Empresa periodística A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**
COORDINACIÓN DA DIRECCIÓN: Pedro Pedrouzo Devesa, Daniel López Muñoz, Rubén Rivas Vidal. -Tlf. 981 557 333.
ARQUIVO FOTOGRÁFICO: Rubén Rivas Vidal, María Acha González. **CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luis Aldegunde.
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Mariano Guizán Sánchez, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Sara Paz Quiñones, Daniel Asorey Vidal, María Acha González.
COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Eliseo Miguélez Díaz, Antonio Fdez. Oca, Tonecho Meixide, Anxo Moure, Tintxu, Manolo Sordo, Francisco Lorenzo Mariño, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Miramontes, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Xosé Manuel Carballo, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, XAGG, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Henar Roman, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Gerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Beatriz Cedrón Vilar.
ADMINISTRACIÓN: Pablo Mougán.
Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 981 57 79 11.
SUBSCRICIÓNS: ordinaria: 2.500 pts. real: 3.000 pts. de Apoio: 5.000 pts. **Correo electrónico -** irimia@wanadoo.es
CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa e Riveiro
IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

ENCONTRO DE VERÁN:
para recrear unha espiritualidade liberadora

Irimia convoca un ano máis un retiro no mes de agosto, para compartir e recrear unha espiritualidade desde a experiencia cotiá, centrada no evanxeo.

-**Vainos acompañar** este ano Xulio Lois, galego que exerce de párroco en Vallecas, amigo de Irimia e ben coñecido pola súa reflexión sobre a teoloxía da liberación.
- O encontro **celebrarase** en Lago –Valdoviño- .
- Entrámo-lo **día** 14 de agosto á tardiña –levando a cea- e saímo-lo 18 a medio día.

A proposta mantén o seu estilo doutros anos: en grupo vertical (desde meniños de teta a vellos sabios en idade xubilosa); traballando todo entre todos e pagando a escote de acordo co que saia (hai sempre descontos para menores, parados e estudiantes).

¿COMO ANOTARSE?

Como as capacidades non son infinitas –25 camas máis tendas de campaña- e cómpre organiza-la intendencia, hai un prazo estricto para anotarse:

antes do 1 de agosto no teléfono 982-455010
ou, tamén, no correo electrónico *CASADOROMUALDO@terra.es*

IMPRESO DE DOMICILIACIÓN

Se queres subscribirte á revista IRIMIA, ou coñeces a alguén que lle poida interesar e recibir de balde os tres próximos números, recorta e envíanos os datos ó Apartado 980 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

NOME: ..... APELIDOS: .....
ENDEREZO: .....
CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....

PARA SUBSCRICIÓNS:
SUBSCRICIÓN ANUAL - SINALAR CUN X:
Ordinaria: 2.500 pts. ❑ Real: 3.000 pts. ❑ De apoio: 5.000 pts. ❑

DOMICILIACIÓN
BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....
DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....
CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....
Nº de CONTA: _ _ _ _ / _ _ _ _ / _ _ / _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 200__.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822
CAIXA POSTAL: 1302-6000-83-0017905488

FALANDO DA LINGUA

Lidia e Valentina

E seica nos dan descanso, ¡xa sentímo-lo verán!, ou *verao* como diredes moitos de vós. Vaia, non perdemos oportunidade, ...aproveitámo-lo contexto para lembrarvos que "verán" é a única forma para a escrita, é a solución normativa, PERO falando podedes usar calquera dos vosos termos e desfrutar do *verán, verao* incluso *vran* ou *vrao*.

Xa está aí tamén a chegada dos turistas, dos familiares que chegan da Arxentina, de Bilbao, das Canarias, dos estranxeiros cos que batemos na rúa, dos campistas que coñecemos nas praias..., todos eses que falan en lingua diferente á nosa, e nós ¿como nos entendemos con eles?

Por un lado están os familiares emigrados que veñen de vacacións e sabían falar ben o galego antes de marchar... pero "esquecérono" e falan en castelán, tanto se foron para Sevilla como para Bruxelas ou Berna. Por conseguinte, os da terriña contéstanlles naquela lingua..., e ¡non lles era mal un repasiño para non esquece-la lingua que se mamou e a que se usaba para muxir ou ir ás patacas

Chegharón as vacasións á redasión.

Por outro temos os de fóra do territorio, os que non son oriúndos da terriña. Distinguiremos entre os de fala castelá e os outros. Os primeiros algo de galego entenden: "dereita", "esquerda"..., que non temos que acomplexarnos e non vaiamos pensar que cada un que vemos con pinta de "guiri" –que se cadra é de Culleredo ou de Lavadores- se non lle falamos en castelán quedaremos de paletos e maleducados. Se a conversa se volve complexa e necesitámo-lo castelán, pois benvido sexa o castelán que sabemos; pero querendo ser tan excesivamente amables e falando castelán antes ca eles, provocamos frases do tipo: "Pero yo creo que el gallego no se habla, porque estuve en Galicia, veraneando en Sangenjo (o Santiago, La Coruña, Vigo....) y no lo escuché nunca". Se ó final levan a idea de que en galego falan catro velliños da Pobra de Trives e tres tolos radicalizados... ¡Inda por riba! Pois menos amabilidade e que fagan por entender coma cando van polo mundiño adiante.

Por último atopámo-los estranxeiriños de todo. Aquí cada un amáñase como pode, sobre todo se temos negocio e queremos tratalos ben: algo de inglés, un pouco de francés, unhas palabriñas de alemán.... Agora que o castelán non o entenden mellor có galego, ¿eh? ¡Boas vacacións a todos e practicade moito galego! ¡Non nos decepcionedes!

O CANTAR DO IRIMEGO

1. Non sei se as eleccións
galegas son en outubro
polo que eu, Irimego
esta noticia non cubro
2. Nun país que tanto chove
hai que ter moita paciencia
pois o tempo non é clima
senón máis ben comenencia.
3. Ademais algúns partidos
camiñan trala victoria
apoiados nos bandullos
e coa forza minxitoria.
4. E nestes tempos modernos
hai que abir ben o paraguas
se ó señor de quen dependes
mexa por ti e son augas.
5. - Resúltanos non doado
meterlle ó asunto o dente
pois as eleccións, un duelo
entre patrono e cliente.
6. - Non importa o programa
porque elixir é un rito
co que se lle ofrece o postre
ó noso amo: o señorito.
7. Aínda un señor nos convoca
a a votar cal troglodita
el nas furnas, nós nas urnas
a diferencia é infinita.
8. - Disque que entre patrón-cliente
é coma na relixión:
seica máis cás boas obras
interesa a intención.
9. ¿Por que vas ás romarías?
e alí es un tal San
que te adoptou de cliente
e telo sempre de man.
10. Claro que con moita man
estas cousas son asunto
que máis que piadosa unción
necesitan moito unto.
11. - E o santo hai que coidalo
adiantándolle a ofrenda
para que, celeste cacique
con esmero me atenda.
12. E para ti ben votares
e no teu proxecto acertas
que os partidos se convertan
ó uso de listas abertas.